

# 3º ESO MATERIA DE TECNOLOXÍAS

## 1 - Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado

As producións realizadas polo alumnado (informes escritos, traballos monográficos, traballos realizados con ferramentas informáticas, etc...) e as probas escritas serán puntuadas cunha nota numérica de 0 a 10. Nos traballos escritos restarase 0,1 puntos por cada falta de ortografía ata un máximo de 0,5 puntos.

A cualificación que acade un alumno en cada avaliación calcularase do seguinte xeito:

FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN	PORCENTAXE NA CUALIFICACIÓN
Probas escritas A cualificación correspondente ás probas escritas se calcula como a media aritmética das puntuacións de cada proba.	50%
Caderno de traballo do alumno.	20%
Producións: traballos, proxectos, prácticas.	20%
Actitude	10%
Total	10

No caso de que se detecte que un alumno está a copiar nunha proba ou traballo, esta proba ou traballo será puntuado con 0.

Ao final do curso:

	PORCENTAXE NA NOTA FINAL
1.ª avaliación	1/3
2.ª avaliación	1/3
3.ª avaliación	1/3
Total	10

O exame extraordinario de setembro abarcará todos os contidos do curso. Na valoración da actitude terase en conta a evolución que cada alumno amose ó percorrer o curso. É necesario acadar unha nota de 5 puntos para acadar unha avaliación positiva.

## **1.1 – Criterios para superar a materia pendiente pola avaliación continua**

Se proporá ós alumnos o repaso das unidades didácticas da avaliación ou avaliacións nas que non acadaron os obxectivos mínimos. De cada unidade didáctica os alumnos deberán realizar unha serie de actividades escritas ou actividades feitas con ferramentas informáticas, que serán entregadas periódicamente ó profesor. Estas actividades se puntuarán de 0 a 10.

Realizarase unha proba escrita que consistirá nun exame sobre a totalidade dos contidos das unidades didácticas da avaliación ou avaliacións nas que non acadaron os obxectivos mínimos. Esta proba puntuarase de 0 a 10

A cualificación na recuperación dunha avaliación basearase nun 50% na proba escrita realizada. O 50% restante corresponderá á media aritmética das actividades realizadas polo alumno.

O alumno terá que acadar como mínimo unha puntuación de 5 como cualificación da recuperación da avaliación para que se considere que acadou os obxectivos programados e poida aproba-la dita avaliación.

Algunhas das actividades e materiais curriculares que se utilizarán serán os seguintes:

- 1.- Libro de texto.
- 2.- Materiais curriculares fotocopiáveis.
- 3.- Actividades escritas, traballos monográficos.

## **1.2-Superación da materia pendiente de cursos anteriores**

Se proporá ós alumnos o repaso das unidades didácticas do curso de acordo cun plan de traballo. De cada unidade didáctica deberá realizar unha serie de actividades escritas, que deberán ser entregadas periódicamente ó profesor.

Algunhas das actividades e materiais curriculares que se utilizarán serán os seguintes:

- 1.- Libro de texto.
- 2.- Materiais curriculares fotocopiáveis.
- 3.- Actividades escritas, traballos monográficos.

Tano o libro de texto como a temporalización das unidades didácticas son os recollidos nos puntos 4 e 5 desta programación.

A avaliación será continua. Como instrumentos de avaliación poderán utilizarse entoutros:

- 1.- **Probas orais e escritas.**
- 2.- **Producións realizadas polos alumnos/as:** actividades escritas, traballos monográficos, etc... nos que se valorará:
  - a claridade na exposición escrita.
  - a utilización da simboloxía axeitada na representación gráfica.

As producións realizadas polo alumnado (actividades escritas, informes, traballos, etc...) e as probas escritas serán puntuadas cunha nota numérica de 0 a 10.

As probas escritas consistirán nun exame de avaliación trimestral sobre a totalidade dos contidos do trimestre.

A cualificación que acade un alumno nun determinado trimestre basearase nun 50% na proba escrita realizada. O 50% restante corresponderá á media aritmética das producións realizadas polo alumno.

O alumno terá que acadar como mínimo unha puntuación de 5 como cualificación da avaliación para que se considere que acadou os obxectivos programados e poida aproba-la dita avaliación.

Dado o carácter progresivo da materia, se considerará superada a materia pendiente se como resultado da avaliación continua da materia pertencente ó curso en que está matriculado o alumno, se considera que acadou os obxectivos fixados para dita materia.

Ao final do curso:

**PORCENTAXE NA NOTA FINAL**

1. <sup>a</sup> avaliación	1/3
2. <sup>a</sup> avaliación	1/3
3. <sup>a</sup> avaliación	1/3
Total	10

## 2 - Grao mínimo de consecución dos estándares de aprendizaxe para superar a materia

Na seguinte táboa recóllense os estándares de aprendizaxe e o seu grao mínimo de consecución.

<b>Estándares de aprendizaxe</b>	<b>Grao de consecución mínimo</b>
<b>Bloque 1. Proceso de resolución de problemas tecnolóxicos</b>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ TEB1.1.1. Deseña un prototipo que dá solución a un problema técnico, mediante o proceso de resolución de problemas tecnolóxicos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Resolve correctamente o deseño na maioría dos requisitos, aínda que con fallos nalgunhas partes.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ TEB1.2.1. Elabora a documentación necesaria para a planificación da construción do prototipo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Elabora a documentación de forma válida nalgunhas partes.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ TEB1.2.2. Constrúe un prototipo que dá solución a un problema técnico, mediante o proceso de resolución de problemas tecnolóxicos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Resolve a construción satisfactoriamente na maioría dos requisitos, aínda que con fallos non fundamentais.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ TEB1.2.3. Traballa en equipo de xeito responsable e respectuoso.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Traballa de forma coherente co seu rol e coas condicións básicas de cooperación esixidas.</li> </ul>
<b>Bloque 2. Expresión e comunicación técnica</b>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ TEB2.1.1. Interpreta esbozos e bosquexos como elementos de información de produtos tecnolóxicos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Resolve correctamente a maioría das actividades e prácticas con fallos nalgunhas.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ TEB2.2.1. Produce os documentos relacionados cun prototipo empregando software específico de apoio.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Elabora a documentación de forma válida, pero con erros nalgunhas partes.</li> </ul>
<b>Bloque 3. Materiais de uso técnico</b>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ TEB3.1.1. Describe as características propias dos materiais de uso técnico, comparando as súas propiedades.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Explica de forma algo incompleta pero válida.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ TEB3.1.2. Explica as técnicas de identificación das propiedades mecánicas dos materiais de uso técnico.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Explica de forma algo incompleta pero válida.</li> </ul>
<b>Bloque 4. Máquinas e sistemas: electricidade, electrónica e control</b>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ TEB4.1.1. Explica os principais efectos da corrente eléctrica e a súa conversión.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Explica de forma algo incompleta pero válida.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ TEB4.2.1. Utiliza os instrumentos de medida para coñecer as magnitudes eléctricas de circuitos básicos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Resolve correctamente a maioría das actividades e prácticas con fallos nalgunhas.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ TEB4.2.2. Calcula as magnitudes eléctricas básicas en circuitos eléctricos sinxelos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Comprende de o problema de forma algo incompleta pero válida e a maioría de estratexias empregadas son válidas</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ TEB4.3.1. Deseña e monta circuitos eléctricos e electrónicos básicos empregando lámpadas, zumbadores, díodos LED, transistores, motores, baterías, conectores, condensadores e resistencias.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Resolve correctamente a maioría das actividades e prácticas con fallos nalgunhas.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ TEB4.3.2. Deseña circuitos eléctricos básicos, utilizando software específico e simboloxía adecuada, e experimenta cos elementos que o configuran.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Resolve correctamente a maioría das actividades e prácticas con fallos nalgunhas.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ TEB4.4.1. Elabora un programa informático que xestione o funcionamento dun sistema de control.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Resolve correctamente o deseño na maioría dos requisitos aínda que con fallos nalgunhas partes</li> </ul>
<b>Bloque 5. tecnoloxías da información e da comunicación</b>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ TEB5.1.1. Identifica as partes dun computador e é capaz de substituír e montar pezas clave.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Identifica a maioría das partes e realiza a maioría das prácticas con algúns fallos.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ TEB5.2.1. Manexa espazos web, plataformas e outros sistemas de intercambio de información.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Manexa satisfactoriamente a maioría dos espazos e plataformas empregados.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ TEB5.2.2. Coñece as medidas de seguridade aplicables a cada situación de risco.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Comprende as medidas de forma algo incompleta pero válida.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ TEB5.3.1. Instala e manexa programas e software básicos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Resolve correctamente a maioría das actividades e prácticas con fallos nalgunhas.</li> </ul>

<ul style="list-style-type: none"><li>▪ TEB5.3.2. Utiliza adecuadamente equipamentos informáticos e dispositivos electrónicos.</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>▪ Resolve correctamente a maioría das actividades e prácticas con fallos nalgunhas.</li></ul>
<ul style="list-style-type: none"><li>▪ TEB5.3.3. Elabora, presenta e difunde proxectos técnicos con equipamentos informáticos.</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>▪ Elabora documentos de forma válida pero con erros nalgunhas partes.</li></ul>